

## O documental “Frankenstein-04155” estará a disposición pública na biblioteca de Redondela e na axencia de lectura de Chapela



A agrupación de Electores de Redondela (AER) vén de ceder dúas copias en DVD do documental “Frankenstein-04155”, do director Aitor Rei.

Este documental trata sobre as circunstancias nas que tivo lugar o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013. **Este accidente, no que morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145, é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española.**

O documental, producido pola plataforma ‘*Víctimas Alvia 04155*’ de forma independente e financiado a través de micromecenado, conta "o que ninguén se atreveu a publicar, documentos e testemuños inéditos que queren ocultar", segundo as súas propias verbas.

Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos, e por isto é necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que puidesen derivarse de dito accidente ferroviario.

**Á marxe das investigacións xudiciais e das responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas. Comisión que impiden os partidos maioritarios PP e PSOE. Que teñen que ocultar?**

A resposta atoparédela vendo este documental onde os seus autores debullan varias das claves da traxedia despois dun extraordinario traballo de investigación. Máis dun ano recompilando información, consultando a enxeñeiros e expertos ferroviarios, a longametraxe destapa "o que non queren que os cidadáns saibamos", como que aquel tren "non reunía as mínimas condicións de seguridade" e no que "miles de viaxeiros arriscaron a súa vida desde que inauguraron a liña ata que ocorreu a catástrofe".

Este documental mostra perfectamente os sumidoiros dos gobernos do Estado Español.

- *"Les recomiendo que vayan a verlo. Es demoledor"*. Julia Otero, periodista de Onda Cero.

- *"Un exemplo de liberdade. Un traballo de investigación descomunal. Estamos desprotexidos ante o poder"*. Anxo Suances, xornalista do programa Zig Zag (Tvg).

- *"El documental que no quieren que veas"*. Javier Zurro, periodista de El Confidencial.

- *"El tren que no debió viajar"*. Gregorio Belinchón, periodista de El País.

Redondela, a 16 de setembro de 2016